



EXCMO. CONCELLO DE RIBADEO

Tel. 982 128 650 - 982 128 662 - 982 130 958 - 982 120 701 • Fax: 982 130 975

e-mail: ribadeo@ribadeo.org • concello@ribadeo.org • Praza de España, 1 • 27700 RIBADEO

C.I.F.: P-2705100-B

CONCELLO PLENO

ACTA DE SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO

ACTA NUMERO: 2004/12

CARÁCTER: ORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 13 de setembro de 2004

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as vinte horas e quince minutos do día **13 de setembro de 2004** reuniuse o Pleno do Concello baixo a Presidencia do **Sr. Alcalde D. Balbino E. Pérez Vacas** co fin de celebrar sesión **ORDINARIA** en primeira convocatoria e coa asistencia dos Concelleiros que á marxe se expresan:

Presidente:

D. Balbino E. Pérez Vacas (Alcalde-Presidente)

Concelleiros presentes na sesión:

D. Ramón López Pérez
D. Carlos Pérez Méndez.
D. Santiago Fdez. Reinante Salvatierra.
D. Fernando Suárez Barcia
D^a Mari Luz Álvarez Lastra.
D. Vicente Castro Reigosa.
D. José Carlos Rodríguez Andina.
D^a Mari Paz Ramos Fernández.
D. José Duarte Díaz.
D. Manuel Fernández Fra
D. Elías García López
Dona Maria Azucena González Loredó

Secretario:

D. Manuel J. Díaz Sánchez.

Interventora:

D^a María Mónica Iglesias Prego.

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por RD 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ó estudio dos asuntos incluídos na Orde do día da convocatoria, previa citación e por rigoroso orde:

1.(68/2004) Aprobación se procede das actas das sesións anteriores números 9,10 e 11/2004, de datas 7, 12 e 28 de xullo de 2004.

A totalidade dos membros da Corporación recibiu nos seus domicilios fotocopias do borradores da acta correspondentes ás sesións núms. 9,10 e 11/2004 de datas 7,12 e 28 de xullo de 2004 respectivamente, nos termos esixidos no artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular manifestase que compre a corrección na páxina 30 da mención que se fai na súa intervención a que “ non quere participar no mesmo, debe ser substituída por “non vai participar no mesmo” e do mesmo xeito na páxina 35 onde di “non quere entrar” debe ser “non van entrar”.

Estas correccións propostas polo Sr.Rodríguez Andina son aprobadas por unanimidade.

Pídese así mesmo que quede constancia de que no punto 3º no asunto relativo á execución das Sentencias 46/2000 do Xulgado do Contencioso de Lugo e 1/2004, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia el manifestou que de seguir adiante ou se quedaban ou abandonaban , pero nin participaban no debate nin na votación , e que se foron a unha invitación xenérica do Sr.Alcalde e que o dixeron de forma reiterada , e que se seguía adiante era como se se fora , e que un tema distinto é o que di o ROF e o que rogan e agarda sexa a última vez , é que a asesoría xurídica se efectúe á Corporación , e que se lle informe, e que os funcionarios do Concello, son do Concello e cando alguén queira facer algo se lles asesore.

Intervén tamén o Sr.Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG que manifesta que queren reiterar sobre ese mesmo asunto que non lle correspondía ó Pleno tratalo.

De seguido o Sr.Suárez Barcia manifesta que quere facer constar o que sinalará respecto o acordo sobre os recursos de reposición xa que tal como está na acta non queda claro.Manifesta que aínda que tal como está a redacción do acordo relativo ós recursos de reposición, non está claro , é evidente cales foron os acordos adoptados e considera que se pode deducir dos acordos adoptados e quere pedir unha incorporación da estimación. Prosegue manifestando que en consecuencia o Pleno estimou os recursos e o que se vota non é a proposta da Alcaldía, e fai referencia ó artigo 109 do ROF e que considera que o que debateron non é a proposta da Alcaldía senón o que figura na Orde do día e que hai que advertir se non queda claro o que se acorda, e que estase dando unha situación de indefinición e que o que pasou o 28 de xullo foi determinante e hai feitos , e ten coñecemento dunha acción de nulidade por parte do CSIF e considera que en todo caso aparte deste escrito hai elementos que proban a evidencia de que os recursos foron desestimados e pide a ver se son claros ou non e o resultado é a estimación dos recursos e pide que na parte dispositiva da acta figure a estimación dos recursos.

Por Secretaría intervénse para sinalar que o expediente estaba concluído e que o que se someteu a votación foi a proposta da Alcaldía e que non cabe modificar o fondo do acordo adoptado e unicamente os erros materiais ou de feito.

Intervén a continuación o Sr. Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular que manifesta que ante esa redacción debe figurar se se aceptaban ou non os recursos e se ese é o rotulo e o título dese punto, e se alguén observa que o que se está facendo non corresponde ten que sinalarse que se están indo da Orde do día e alguén lle ten que dicir as cousas e que o punto pon recursos e que coincide exactamente co BNG e pide que figure o que acaba de pedir.

O Sr. Suárez Barcia intervén de novo para sinalar que o que propón non afecta ó fondo do acordo e fai mención a que no artigo 109. 1 do ROF figura a mención á parte dispositiva dos acordos que se adopten e que o asunto queda claro e o que non queira entender que non entenda, e que queda claro que é o que pasou o 28.07.2004, e reitera que se entenden estimados os recursos.

Pasado a votación as observacións e rectificacións anteditas apróbanse por nove votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular e do BNG) e catro en contra dos membros do Grupo Municipal Socialista, aprobándose a súa incorporación á acta da sesión e acordándose polo tanto engadir a estimación dos recursos de reposición presentados contra acordos municipais plenarios de 19 de maio de 2004.

A Corporación, por unanimidade dos seus membros, acorda prestarlles ás actas de 7 e 12 de xullo de 2004 a súa aprobación sen modificación, adición ou emenda algunha.

2.(69/2004) Resolucións da Alcaldía dende a número 99/2004 de 30 de xuño a 127/2004 de 31 de agosto de 2004.

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía-Presidencia epigrafiados sen promoverse deliberación algunha, dándose por enterada a Corporación do contido dos mesmos.

3.(70/2004) Aprobación da regulación de rogos e preguntas por parte do público ó remate das sesións plenarias ordinarias segundo proposta da Xunta de Portavoces de 17 de agosto de 2004.

Dáse conta da acta da reunión da Xunta de Portavoces de data 17 de agosto de 2004 que se transcribe de seguido:

“Pola Presidencia ábrese a reunión e delibérase polos portavoces sobre o contido do asunto da Orde do día, acordándose por unanimidade o seguinte:

1º. Os rogos e preguntas deberán presentarse no Rexistro de Entradas do Concello dirixidos a calquera dos portavoces dos Grupos Municipais.

2º. O prazo para a presentación será ata as 14 horas do xoves anterior á data de celebración dos Plenos ordinarios.

3º. Os rogos e preguntas serán respondidos por orde do Rexistro de entrada cun máximo de dous por Asociación e sesión, agás que non se esgote o tempo de resposta e se poida dar cabida a algún máis, reanudándose, neste caso, un novo quenda.

4º. Deberáse poñer en coñecemento das diferentes Asociacións tanto veciñais como culturais, etc. que figuren no Rexistro da Xunta de Galicia o método a seguir para o seu coñecemento e efectos procedentes, co fin de dar comezo, se é posible, no primeiro Pleno ordinario a celebrar o próximo mes de Setembro.”

Polo Sr.Alcalde manifestase que compre leva-lo asunto ó Pleno para a aprobación e ter un acto administrativo, e dar conta do mesmo ás Asociacións.

Polo Pleno municipal por unanimidade en votación ordinaria, sen deliberación, acórdase:

1º. A aprobación na súa integridade da proposta formulada pola Xunta de Portavoces do Concello de Ribadeo de 17 de agosto de 2004.

2º. Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin dos acordos adoptados.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DÍA.-

4.(71/2004) Moción de urxencia do Grupo Municipal do BNG en relación ó acordo plenario de 28 de xullo de 2004 sobre recursos de reposición contra acordos municipais plenarios de 19 de maio de 2004.

Por parte do portavoz do Grupo Municipal do BNG Sr.Suárez Barcia manifestase que quere someter ó Pleno con carácter de urxencia a Moción epigrafiada sinalando que é sobre o tema obxecto de discusión anteriormente e que reviste o carácter de urxencia.

Deliberase sobre a urxencia do seu tratamento acordándose a declaración da mesma por nove votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular e do BNG) e catro en contra (dos membros do Grupo Municipal Socialista), acordándose polo Pleno municipal a apreciación da urxencia do asunto, de conformidade co artigo 91. 4 e 93 do ROF.

De seguido polo Sr.Suárez Barcia procédese á lectura da Moción que se transcribe de seguido:

“O grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do artigo 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidade Locais e en relación co art. 91.4 deste mesmo texto legal, presenta ao Pleno deste Concello para a súa aprobación, a seguinte

MOCIÓN

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de LUGO, nº 201, de data 31 de agosto de 2004, se recolle de forma incompleta o acordo plenario do Concello de Ribadeo de data 28 de xullo de 2004 sobre os Recursos de Reposición presentados por varios traballadores e traballadoras municipais plenarios de 19 de maio de 2004.

É por isto que solicitamos do Pleno da Corporación, como órgano acreditado para a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. O Pleno do Concello ratifica a estimación destes recursos e por conseguinte, a invalidez dos acordos adoptados o 19 de maio de 2004. Que este acordo sexa publicado a todos os efectos, cando menos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Segundo. Que por parte do órgano competente se inicien inmediatamente as negociacións cos representantes legais do persoal laboral e do persoal funcionario do Concello de Ribadeo para unha negociación colectiva e, no seu caso, un acordo de condicións de traballo."

Previa autorización da Alcaldía por Secretaría manifestase que non coñecía o contido da Moción presentada e que non pode informar sobre a mesma polo que de conformidade co artigo 92.2 do ROF por non poder emitilo informe no acto, solicítase que quede sobre a mesa ata a próxima sesión. Como tal petición non é atendida por Secretaría faise constar expresamente en acta, segundo o artigo antedito.

Sen promoverse deliberación polo Pleno Municipal por nove votos a favor (dos membros dos Grupos Municipais do Partido Popular e do BNG) e catro en contra (dos membros do Grupo Socialista), acórdase:

Primeiro. O Pleno do Concello ratifica a estimación destes recursos e por conseguinte, a invalidez dos acordos adoptados o 19 de maio de 2004. Que este acordo sexa publicado a todos os efectos, cando menos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Segundo. Que por parte do órgano competente se inicien inmediatamente as negociacións cos representantes legais do persoal laboral e do persoal funcionario do Concello de Ribadeo para unha negociación colectiva e, no seu caso, un acordo de condicións de traballo.

Por parte do Sr.Rodríguez Andina do Grupo Municipal Popular propónse ó Pleno Municipal o tratamento como unha asunto urxente fora da Orde do día dunha Moción relativa á solicitude á Consellería de Medio Ambiente de execución de protocolo para o saneamento integral do Concello.

O Sr.Concelleiro interviniente explica que a Moción pide que se incorpore o saneamento integral deste municipio, previsto nun protocolo xa asinado entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ribadeo o 12 de maio de 2003 pero para que poida comenzar debe incorporarse e mellor é tratalo agora que en novembro e esta é a explicación da urxencia xa que debe incorporarse ós presupostos do 2005 .

Por parte do Sr.Alcalde manifestase que estaba ó corrente a través do Presidente do Grupo Parlamentario Socialista e entende que como está asinado o Protocolo é necesario e o apoian.

Por parte do Sr. Suárez Barcia do Grupo Municipal do BNG manifestase que non teñen inconveniente e que o único que se pide é a execución do Protocolo, explicando que se trata dun investimento de 640.000 euros financiados por Medio Ambiente.

Deliberado sobre a urxencia do seu tratamento acordase a declaración da mesma por unanimidade da Corporación a apreciación da urxencia do asunto, de conformidade co artigo 91.4 e 93 do ROF.

5.(72/2004) Moción de urxencia do Grupo Municipal do Partido Popular relativa a solicitude á Consellería de Medio Ambiente de execución do protocolo xeral de colaboración asinado entre a Consellería e o Concello para o saneamento integral ó Concello de Ribadeo.

Dáse conta da Moción que se transcribe de seguido:

“D. Jose Carlos Andina, portavoz do Grupo Municipal Popular no Concello de Ribadeo en nome e representación do mesmo e ó abeiro do establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 1986, eleva ó Pleno da Corporación para o seu debate a seguinte

MOCIÓN

De todos é coñecida a necesidade que o desenvolvemento e o coidado ambiental esixen nos nosos días, amosándose hoxe como vital para o desenvolvemento sostible do noso concello o acometer cantas accións sexan precisas, tanto no casco urbano como nas parroquias para que a vida ordinaria de nosos cidadáns non interfiran co coidado do noso medio que é tarefa de todos e especial obriga de quen asumimos a responsabilidade de coidar do benestar dos veciños de Ribadeo.

O Concello de Ribadeo e a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Medio Ambiente traballaron conxuntamente en dita dirección mantendo unha comunicación e un espírito de colaboración constante para levar a cabo actuacións de xeito coordinado con dito fin.

Entre os froitos dese espírito de colaboración en aras da mellora ambiental do Concello de Ribadeo e froito de diversas reunións de traballo entre o anterior equipo de Goberno do Partido Popular e a Consellería de Medio Ambiente, está en protocolo (que se adxunta) entre a Consellería de o Concello para o desenvolvemento de determinadas obras hidráulicas, en concreto “O Saneamento integral ó Concello de Ribadeo: actuacións necesarias para a execución dun colector principal dende un lugar de A Rochela ata as proximidades do núcleo de Rinlo e diversas conducións secundarias” asinado en Ribadeo o 12 de maio de 2003.

O Protocolo establece que o importe aproximado das obras será de 640.000,00 euros e serán financiadas na súa totalidade pola Consellería de Medio Ambiente.

Así mesmo establécese, na cláusula novena, que se establecerán acordos específicos entre a Consellería e o Concello para levar a cabo as actuacións deste Protocolo Xeral en función das dispoñibilidades económicas e orzamentarias.”

Por todo o antedito, sométese á consideración do Pleno a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Ribadeo solicita da Consellería de Medio Ambiente a execución do Protocolo Xeral de colaboración asinado por esa Consellería e o Concello de Ribadeo para o Saneamento integral ó Concello de Ribadeo."

Sen promoverse deliberación por unanimidade en votación ordinaria acordase polo Pleno do Concello solicitar da Consellería de Medio Ambiente a execución do Protocolo Xeral de colaboración asinado por esa Consellería e o Concello de Ribadeo para o Saneamento integral ó Concello de Ribadeo.

6.(73/2004) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan ningunha.

E sen máis asuntos que tratar sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos levántase a sesión estendéndose a acta presente de todo o que eu Secretario certifico.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,